

ROSALIND FRANKLIN



Rosalind Elsie Franklin foi unha química e cristalógrafa de raios X inglesa, responsable de importantes contribucións á comprensión da estrutura do ADN, do ARN, dos virus, do carbón e do grafito.

Naceu o 25 de xullo de 1920 en Notting Hill, Londres e faleceu o 16 de abril de 1958 en Chelsea, Londres, Reino Unido.

Coñecida principalmente

Por investigar sobre as cualidades do carbón vexetal para que fose utilizado nas máscaras de gas durante a Segunda Guerra Mundial.



Foi unha das científicas que investigou a estrutura molecular do ADN e ARN. Captou a famosa foto 51 que demostrou que o ADN é unha dobre hélice.

Mentres tanto os científicos, James Watson e Francis Crick, que tamén estaban a investigar sobre o ADN, utilizaron os achados de Rosalind sen o seu permiso, para publicar o seu propio traballo sen outorgarlle a ela ningún crédito. Como resultado diso, Rosalind foi ignorada.



Decidiu trasladarse a un laboratorio punteiro e empezou a realizar interesantes investigacións co virus do mosaico do tabaco e co virus da polio.



Desgraciadamente, a Rosalind diagnosticáronlle un cancro terminal, causado probablemente pola radiación que recibiu durante o seu intenso traballo con raios X.

James Watson e Francis Crick gañaron o Premio Nobel de medicina despois de que Rosalind falecese . Eles non fixeron ningún esforzo por recoñecer as achegas de Rosalind. Só moitos anos despois e grazas a outros científicos e amigos dela, sóbose que unha boa parte dos datos sobre os que se basea a estrutura molecular do ADN que describiron os premiados proviñan das investigacións que desenvolveu a científica.



Rosalind é lembrada como a muller que debeu gañar un Premio Nobel.